

**XERACIÓN ALPHA**  
**ANXO SOTELO Feat. 42ºNORTE**

Sen ganas de levantarme, a mochila pesa máis do normal  
Non son os libros é toda a presión social  
Sempre competindo, sen tempo para xogar  
Ser os mellores en todo, isto vai rematar fatal

***Debemos actuar, non podemos calar***  
***Mirar cara outro lado mentres outros sofren dano***  
***Nós somos moitos máis, xuntos imos mudar***  
***As bágoas por sorrisos, ninguén se queda atrás***

Outro día na clase disposto a mellorar e desfrutar  
Con ganas de aprender e crear  
Aínda que iso non sexa o popular  
Non é malo ser diferente, non imos calar

***Debemos actuar, non podemos calar***  
***Mirar cara outro lado mentres outros sofren dano***  
***Nós somos moitas máis, xuntas imos mudar***  
***As bágoas por sorrisos, ninguén se queda atrás***

Cando ninguén te quere no seu equipo  
Iso é bullying, eu non participo  
Cando te ris de alguén polas redes  
Iso é acoso, espero que te te enteres  
Cando insultas, pegas e ignoras  
Iso da noxo, así non pasan as horas  
E se cres que eres mellor ca todos  
Nós sabemos que somos iguais de todos modos

O medo non ten lugar  
Se nos pechan unha porta ímola derrubar  
E por as nosas regras

***Debemos actuar, non podemos calar***  
***Mirar cara outro lado mentres outros sofren dano***  
***Nós somos moitos máis, xuntos imos mudar***  
***As bágoas por sorrisos, ninguén se queda atrás***

Debemos actuar, non podemos calar  
Mirar cara outro lado mentres outros sofren dano  
Nós somos moitas máis, xuntas imos mudar  
As bágoas por sorrisos, ninguén se queda atrás